

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A NORMA SOBRE O CONTROL DE ACCESO LÓXICO AOS RECURSOS DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC) CORPORATIVOS

Esta norma regula o control de acceso lóxico aos recursos TIC corporativos en desenvolvemento do indicado no [Regulamento xeral de uso das TIC na Universidade da Coruña](#).

Para aquelas cuestións que non se explicitan neste documento, como o ámbito de aplicación, a supervisión e as medidas previstas no caso de incumprimento, estarase ao indicado no dito regulamento.

O control de acceso lóxico comprende os mecanismos que permiten a autenticación do/a usuario/a e a autorización do acceso aos recursos TIC co nivel de privilexios axeitado, permitindo a trazabilidade no uso dos recursos e impedindo accesos non autorizados.

1. O control de acceso lóxico aos recursos TIC corporativos

1.1 Autenticación

1. Os mecanismos de autenticación para o acceso ás aplicacións ou sistemas de información corporativos serán os recollidos no [Regulamento de uso de medios electrónicos e sinatura electrónica na Universidade da Coruña](#), aprobado polo Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017, e no [Regulamento de creación e ordenación da sede electrónica da Universidade da Coruña](#), aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27 de xuño de 2012, modificado polo acordo do Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014.
2. No acceso ao posto informático de traballo admitirase tamén o uso de credenciais almacenadas no dispositivo, salvo nos equipos do persoal de administración e servizos (PAS), onde sempre se utilizarán credenciais corporativas.
3. Os mecanismos de control de acceso admitidos para teléfonos intelixentes e tabletas corporativos son a identificación facial, a impresión dixital, o contrasinal ou PIN.
4. Toda transmisión de información secreta de autenticación realizarase aplicando mecanismos de cifraxa.
5. É responsabilidade do usuario a custodia dilixente dos medios de autenticación postos á súa disposición.
6. O/a usuario/a debe comunicar ao Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) calquera incidencia relacionada cos seus medios de autenticación, caso da perda do contrasinal, o seu esquecemento, sospeitas de uso por persoas non autorizadas etc.

1.2 Autorización de acceso

7. A autorización de acceso aos recursos TIC corporativos, cos privilexios necesarios, estará baseada en roles ou perfís que se asignarán a cada usuario/a en función dos colectivos aos que pertenza e das tarefas que teña encomendadas. Documentarase a dita asignación.
8. Documentaranse os permisos dos distintos perfís que se definan en cada sistema de información.
9. A xefatura do servizo ou unidade administrativa deberá comunicar ao SIC a alta dun novo usuario.

Código Seguro De Verificación	chGy1I0ueiazhepY7P4Wzw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/09/2020 14:55:23
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/chGy1I0ueiazhepY7P4Wzw==		



10. No caso de que un usuario requira permisos distintos dos asignados mediante o mecanismo de roles, deberá realizar unha solicitude que terá que ser aprobada polo/a responsable do servizo ou unidade organizativa.
11. A xefatura do servizo ou unidade organizativa comunicará ao SIC a baixa dos usuarios baixo a súa dependencia para a eliminación dos permisos de acceso que deixen de ser necesarios.
12. O usuario deberá comunicar calquera exceso de privilexios dos que teña constancia no uso das aplicacións.

2. Rexistro de usuarios no directorio corporativo

13. O SIC manterá un directorio corporativo cuxo obxecto será a identificación, autenticación e autorización dos usuarios para accederen aos recursos TIC.
14. O rexistro dos datos do usuario no directorio corporativo realizarase mediante os datos achegados no proceso de matrícula, no caso do alumnado, ou da incorporación á UDC, no caso do seu persoal.
 - a) O usuario completará este rexistro telematicamente, elixindo o seu identificador e o seu contrasinal inicial valéndose dun código dun só uso que se lle entregará no momento da vinculación coa UDC. Este código deberá ser xerado de maneira totalmente aleatoria.
 - b) No caso de usuarios que non poidan completar esta información telematicamente, a UDC empregará mecanismos que garantan a entrega confidencial das credenciais e requirirá, ademais, o cambio do contrasinal no primeiro uso.
15. O rexistro de persoas non pertencentes á comunidade universitaria no directorio corporativo requirirá que o/a responsable do acordo, convenio ou contrato, que os/as vincule coa institución, aprobe a solicitude. Neste tipo de contas deberá consignarse a data tras a cal pasará ao estado de suspensión ou bloqueo, que non deberá ser nunca superior á vixencia do acordo, convenio ou contrato. No momento en que unha conta deste tipo deixe de ser necesaria, a persoa que aprobou a solicitude deberá comunicar a súa baixa.
16. Nos procesos de alta no directorio os usuarios deberán consignar un enderezo de correo alternativo, distinto do do dominio *udc.es/udc.gal*, así como un número de teléfono de contacto, para os efectos de recuperación do contrasinal da conta da UDC ou outras situacións que requiran da comunicación por vías distintas do correo electrónico corporativo.
17. Cada conta do directorio corporativo deberá estar asignada a unha única persoa.
18. O almacenamento dos contrasinais corporativos realizarase exclusivamente nos sistemas do directorio corporativo mediante mecanismos non reversibles.
19. As contas no directorio corporativo bloquearanse cando non presenten actividade nun período de 12 meses, logo de llo notificar por correo electrónico á persoa interesada, quen poderá solicitar o desbloqueo da súa conta no momento que o precise.
20. O bloqueo dunha conta no directorio non implica a súa eliminación. Estes datos manteranse o tempo necesario para atender as necesidades de trazabilidade requiridas na lei.

Código Seguro De Verificación	chGy1I0ueiazhepY7P4Wzw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor		Asinado	23/09/2020 14:55:23
Observacións			Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/chGy1I0ueiazhepY7P4Wzw==			



3. Contraseñais

21. Todos os contraseñais, incluídos aqueles que se asignen nos procedementos de recuperación, deberán cumprir cos seguintes requisitos:
- A súa lonxitude mínima será de 10 caracteres.
 - Deberá conter caracteres de, ao menos, tres dos seguintes tipos: números, maiúscula, minúsculas e caracteres non alfabéticos.
 - Non poderá incluír o identificador de usuario, o seu DNI, número de teléfono ou calquera outro dato que sexa facilmente relacionable coa persoa usuaria.
 - Non deberá coincidir cos derradeiros 5 contraseñais.
22. Estableceranse os seguintes mecanismos de protección das contas de usuario:
- O contraseñal deberá renovarse, ao menos, cada ano.
 - O tempo mínimo entre cambios de contraseñal será de 24 horas.
 - Bloquearanse as contas de usuario que presenten 10 intentos de autenticación errados durante un período de 15 minutos. O tempo de bloqueo será de 5 minutos.
 - Aplicarase un bloqueo preventivo daquelas contas de usuario que presenten indicios de teren sido subtraídas ou que incorran nun uso indebido. Este bloqueo levantarase unha vez resolto o problema que o provocou.
23. Os requisitos deste apartado non se aplican no caso de contas de acceso á rede WiFi para persoas convidadas a congresos ou eventos.

4. Usos non permitidos

24. Os seguintes son usos non permitidos dos medios de autenticación:
- Acceder aos recursos TIC da UDC suplantando a identidade doutro usuario ou usuaria.
 - Realizar intentos de autenticación con identificadores alleos.
 - Ceder as credenciais ou calquera outro medio de autenticación a outro usuario/a.
 - Utilizar identificadores non persoais para o acceso a recursos TIC da UDC.
 - Almacenar calquera información secreta de autenticación en dispositivos que non cumpran o Regulamento de uso das TIC na a UDC ou a súa normativa de desenvolvemento.
 - Usar o contraseñal corporativo para servizos alleos á UDC.

5. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	chGy1I0ueiazhepY7P4Wzw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/09/2020 14:55:23
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/chGy1I0ueiazhepY7P4Wzw==		

